



Martes, 06 de outubro do 2015

O campus acollerá un ciclo de conferencias de escritores-mestres

Seis recoñecidas voces para falar de docencia, literatura e xénero

Fina Casalderrey e Helena Villar Janeiro son dúas das persoas que intervirán nesta cita

Rosa Tedín | Ourense

Os mestres e mestras teñen na palabra a súa principal ferramenta de traballo, o seu instrumento para comunicarse co alumnado e transmitirlle os coñecementos precisos. Froito desta circunstancia, non é estralo que os docentes fagan incursións na literatura e incluso que se convertan en destacados escritores e escritoras. Do 19 de outubro ao 9 de novembro, o **Ciclo de literatura infantil e xuvenil** traerá ao campus de Ourense a seis destacadas voces mestres nas aulas e na creación para afondar na pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade.

O interese da traxectoria persoal e da produción literaria

O Ciclo de literatura infantil e xuvenil. A pegada das mulleres desde a tradición oral á actualidade está coordinado por Isabel Mociño, docente da Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense, e organizado conxuntamente coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo. Segundo destaca a súa responsable, a cita é a primeira vez que se celebra pero nace co obxectivo de ter continuidade no futuro, tomando como exemplo o ciclo de mesas redondas *Escriptoras/es na Universidade*, que leva dez anos celebrándose con éxito no campus de Vigo. "Nese caso decidimos centrarnos na literatura infantil e xuvenil e non na de adultos porque o ciclo está especialmente dirixido aos futuros mestres e mestras e ese é o tipo de literatura que manexarán nas aulas", explica Mociño González.

O obxectivo deste ciclo, sinala a súa coordinadora, "é que estes futuros docentes coñezan de primeira man a experiencia destes escritores e escritoras de recoñecido prestixio, visibilizar a súa producción e afondar na súa traxectoria non só como escritores senón tamén como mestres e mestras, xa que todos eles teñen unha dilatada experiencia na docencia". Deste xeito, a programación contará coas intervencións de Antón Cortizas, Antonio Reigosa, Fina Casalderrey, Helena Villar Janeiro, Paula Carballeira e Antonio García Teijeiro. Moitos deles e delas, indica Mociño, comezaron a escribir libros a raíz da súa actividade docente e co obxectivo de realizar material en galego cando ainda era inexistente ou moi escaso e hoxe en día teñen unha dilatada traxectoria literaria recoñecida con diferentes premios e galardóns.

Alén da relación docencia/literatura/galego, a temática de xénero terá especial relevancia neste ciclo. Por unha banda, porque a metade das persoas participantes son escritoras e por outra banda porque nas intervencións se abordará o papel da muller "como a gran transmisora da tradición oral, a que contaba os contos" e as que maioritariamente exercían como mestras e as que educaban. "Ese papel non se pode ignorar e sobre el falaremos durante o ciclo", indica Isabel Mociño.

Do 19 de outubro ao 9 de novembro

O programa arrancará o vindeiro 19 de outubro cunha sesión arredor da literatura de tradición oral e a subversión dos roles de xénero, contando coa intervención dos mestres e escritores Antón Cortizas e Antonio Reigosa, estudosos este último tamén da tradición oral. O día 26, o Ciclo de literatura infantil e xuvenil continuaría dándolle voz ás mestras e creadoras na literatura infantil e xuvenil, contando coas intervencións de Fina Casalderrey e Helena Villar Janeiro. O día 3 de novembro, a programación continuaría cunha sesión sobre *Oralidade e dramaturxia infantil. Das nais ás mestras*, na que interviría Paula Carballeira, contacontos, actriz e escritora. Para rematar as sesións, o día 9 de novembro achegárase ao campus de Ourense Antonio García Teijeiro, mestre e poeta, que falará ás persoas asistentes sobre a poesía infantil.

Todas as sesións son abertas ao público xeral e celebraranse ás 17.00 h na Sala Emilia Pardo Bazán do Edificio de Ferro. "Aínda que o ciclo está especialmente pensado para contribuír á formación dos futuros mestres e mestras en realidade son de interese para calquera persoa, pola destacada traxectoria persoal e pola produción literaria dos participantes. Por este motivo, convidamos a todas as persoas interesadas a achegarse ás conferencias", apunta por último Isabel Mociño.